




HORARIO

Inverno
De luns a venres
De 8:15 a 14:45 h
Verán (21 de xuño a 21 de setembro)
De luns a venres
De 9 a 14 h

ENDEREZO

ARQUIVO DE GALICIA
Cidade da Cultura de Galicia
Monte Gaiás s/n
15707 Santiago de Compostela
Telf. 881999661
Fax 881999740
arquivogalicia.cultura@xunta.es



Os arquivos reúnen os documentos que as institucións, as entidades, as empresas e as persoas producen de forma natural no desenvolvemento das súas funcións e actividades administrativas, económicas, sindicais, relixiosas, persoais...

O patrimonio documental é unha parte fundamental da memoria colectiva da sociedade. Os documentos que o integran ofrecen información e coñecemento, e son garantía de dereitos cidadáns e da transparencia na xestión das institucións. Por iso debemos velar pola súa conservación e garantir o acceso de todas as persoas a el.

O ARQUIVO DE GALICIA constitúe o centro de referencia do Sistema de Arquivos de Galicia. Adscrito á consellería competente en materia de cultura a través do centro directivo competente en materia de patrimonio documental, ten a súa sede na Cidade da Cultura de Galicia.



FUNCIÓNS

Como arquivo intermedio e histórico dos diferentes órganos da Xunta de Galicia ou das entidades dependentes cun ámbito territorial superior a unha provincia e como coordinación do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia, o seu papel é fundamental para asegurar o mellor funcionamento da Administración Pública de Galicia de acordo cos principios de eficacia, eficiencia e transparencia, e a conservación, difusión e acrecentamento do patrimonio documental de Galicia.

SERVIZOS

O acceso é libre e gratuíto. Unicamente poderá ser restrinxido de acordo co establecido na lexislación vixente ou, nos casos da consulta directa de orixinais, cando supoña riscos para a súa conservación.

As solicitudes de información poderán facerse directamente na sala de lectura ou por medio de correo electrónico, correo postal, fax, teléfono ou internet.

Para a consulta na sala de lectura será necesaria, para efectos de identificación, a presentación dun documento oficial,

DNI ou pasaporte, e a suxeición ás normas de consulta dispoñibles na sala.

Sempre que as disposicións legais e o estado de conservación dos documentos o permitan, poderán solicitarse reproducións (copias simples ou copias compulsadas/certificadas). Os prezos das reproducións deberán aterse ao regulado na normativa vixente sobre taxas e prezos públicos.

Poderán realizarse préstamos de documentos orixinais ás institucións produtoras cando sexa necesario para o cumprimento das actividades relacionadas co ámbito da súa competencia. Tamén poderanse realizar

préstamos para participar en actividades de difusión cultural, especialmente exposicións temporais, ás institucións que así o soliciten, sempre que se cumpran os requisitos previstos e sexan previamente autorizados polo órgano competente.

O Arquivo fomentará a difusión dos seus fondos e actividades, principalmente a través da publicación de instrumentos de descrición, da periódica organización de exposicións e da recepción de visitas guiadas de escolares e outros colectivos.

Creado polo Decreto 17/2008, do 7 de febreiro, (DOG núm. 35, do 19 de febreiro) coa finalidade de exercer as funcións de centro de referencia do Sistema de Arquivos de Galicia e de arquivo histórico do subsistema de arquivos da Xunta de Galicia, finalmente, o Decreto 207/2010 de 10 de decembro outórgaralle carácter intermedio e histórico dentro deste subsistema.

HISTORIA

FONDOS

Fundamentalmente o Arquivo está destinado a custodiar os documentos producidos pola Xunta de Galicia e os seus órganos dependentes que teñan un ámbito territorial superior a unha provincia e posúan valor histórico. Pero tamén os de calquera organismo, institución ou entidade de ámbito autonómico, privado ou público, que teña especial relevancia e sexan de conservación permanente polo seu valor histórico e cultural.

CLASIFICACIÓN DOS FONDOS

FONDOS	U.I	METROS	DATAS EXTREMAS
--------	-----	--------	----------------

1. FONDOS PÚBLICOS			
1.4. ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA DE GALICIA			
1.4.1. Ámbito galego			
Xunta de Galicia			
■ Alta dirección da comunidade autónoma	4.238	487,3	1978/2008
■ Administracións públicas	4.953	569,5	1950/2008
■ Política económica e facenda	6.034	693,9	1978/2010
■ Comercio e consumo	1.566	180	1976/2000
■ Cultura	5.975	687,1	1942/2012
■ Deporte	986	113,39	1979/2003
■ Educación e investigación	14.472	1.664,2	1934/2010
■ Industria, innovación e promoción económica	14.824	1.704,7	1926/2008
■ Medio ambiente	3.528	405,72	1997/2009
■ Medio mariño	1.351	155,3	1960/1994
■ Medio rural	7.534	866,4	1950/2008
■ Política lingüística	2.284	262,6	1980/2008
■ Política territorial	5.685	653,7	1843/2008
■ Sanidade	6.000	690	1885/2009
■ Seguridade e interior	272	31,2	1979/1993
■ Servizos sociais	6.932	797,18	1968/2012
■ Traballo	2.409	277	1974/2005
■ Turismo	2.435	280	1939/2009
Subtotal administración autonómica de Galicia	91.478	10.519,19	

1.7. ADMINISTRACIÓN CORPORATIVA			
1.7.2. Cámaras da propiedade urbana			
■ Santiago de Compostela	141	16,2	1927-2000
Subtotal fondos públicos	91.619	10.535,39	

2. FONDOS PRIVADOS			
2.1. PERSOAS E FAMILIAS			
2.1.1. Persoas			
■ Clemente González Peón	165	18,9	1901-2003
■ Olga Gallego Domínguez	49	5,6	S. XX
2.1.2. Familias			
■ Familia Bustelo	445	51	1494-1952
■ Familia Cervela Lira (Pazo de Valiñas)	13	1,5	1539 - 1949
■ Familia Freire	5	0,5	1598-1875
■ Familia González Regueral y Losada	8	1	1539 - 1949
■ Familia Pita da Veiga	5	0,57	1428-1847
■ Familia Vilaríño Pintos	19	2,1	1404-1982

2.2. ASOCIACIÓNS E FUNDACIÓN			
■ Asociación Galega de Compositores	7	0,8	S. XX

2.3. EMPRESAS			
■ Factoría Massó Avilés (Asturias)	148	25,8	1945-1990
■ Casa Mar	265	30,4	1939-1994
Subtotal fondos privados	1.129	138,17	

3. COLECCIÓN			
■ Colección fotográfica	20 + 30.157 u.d.	2,3	S. XX

TOTAIS	122.925	10.675,86	
--------	---------	-----------	--



Pie de foto de la letra



Pie de foto del plano

